## 1ª ASAMBLEA ORDINARIA CURSO 2009-2010

O pasado 25 de novembro celebramos a primeira xuntanza do presente curso cunha agradable nova: o número de asistentes duplicouse con respecto á media de convocatorias anteriores, e mesmo acadamos picos de case corenta soci@s presentes na asemblea. O incremento de asistencia é significativo e desde a directiva da ANPA valorámolo moi positivamente, pero se temos en conta que o número de familias asociadas á ANPA ascende a case catrocentas (si: 400!), non podemos senón preguntarnos… ¿onde estaban esa tarde as outras trescentas cincuenta? De todas as maneiras, queremos agradecerlles ás nais e pais que puideron vir a súa presenza, e tamén animar ao resto a que acudan ás vindeiras convocatorias. Esta directiva séntese moi satisfeita cando en cada convocatoria o número de soci@s asistentes aumenta, xa que isto demostra o interese de cada vez máis nais e pais polo labor que desenvolve a ANPA en beneficio d@s nos@s fill@s, única razón pola que seguimos adiante.

No inicio do presente curso a directiva estaba composta por 11 persoas, pero nesta última asemblea ocorreu un feito insólito: incorporáronse á directiva catro novas nais, ás que lles agradecemos de antemán a súa disposición e desinteresada colaboración no nome de tod@s @s soci@s. Así que:

Pilar, Paula, Masé e Marga ¡¡Sodes benvidas!!

Non queremos esquecer os dous integrantes da directiva anterior que este curso deixaron os seus cargos, Ángel e Juan. Tamén a eles lles agradecemos, no nome de tod@s, a súa dedicación para que isto funcionara durante anos.

## A NOVA DIRECTIVA

Presidencia: Nerea.
Vicepresidencia: Pilar.
Tesoureira: Cayetana.
As tres ademáis forman parte do Consello Escolar e poden reflexar nel as inquedanzas das nais e pais directamente no organo de goberno do centro.
Secretaria: Rocio.
Resto da directiva:
Pedro, Alicia, Rosario, Jose Luis, Lurdes, David, Pilar, Paula, Masé, Marga e Vicente.

Non queremos deixar de recordarvos que A ANPA SOMOS TODOS!! O seu obxectivo é o de coidar do benestar d@s nos@s fill@s e proporcionar uns servizos, en moitos casos imprescindibles, para @s nen@s do centro e as súas nais e pais. Colabora e faite da ANPA!! E se o tempo e as ganas cho permiten, fai algo máis e únete á directiva, aporta o teu traballo e as túas ideas: @s nos@s nen@s agradeceraincho, e nós tamén.

Recordade que podedes consultar a páxina web da ANPA nun enlace dentro da do centro:
http://centros.edu.xunta.es/ceippioxii.

O noso **teléfono** é o mesmo que o do centro: 981 562 522, coa extensión 1. E sempre podedes contactar con nós no propio centro, no local da ANPA, situado no piso superior, preto da entrada, a man esquerda. No horario de actividades (de 16.00 a 18.00) e tamén pola mañá a primeira hora seredes ben recibidos, coma sempre. Agardamos por vós!!

anpa a ferradura

# ...en cifras

| | | | |
|---|---|---|---|
| SOCIOS ANPA | entorno a 380 FAMILIAS | | |
| SEGURO ESCOLAR | 500 usuarios de 5 servizos e 13 actividades | | |
| | Isto non sería posíbel sin as seguintes monitor@s | | |
| AUTOBUS | Sonia Paz | Usuari@s | 45 |
| COMEDOR | Ana Martínez, Isabel Moure, Nuria Lamas, María León, Mª Carmen Otero, Paloma Lomberat, Manuela Martínez, David Rosende, Carla Martín. | Usuari@s | 270 |
| MADRUGADORES | Ana Martínez, María Mosquera, Isabel Moure, María León, David Rosende. | Usuari@s | 90 |
| ACT. LECTURA | Maribel Casal | | |
| MUDAS | María Mosquera | | |

## SITUACION ACTUAL DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 09/10

| ACTIVIDADE | ALUMNADO | MONITORES |
|---|---|---|
| CIRCO | 8 | RAQUEL OITABEN |
| PSICOMOTRIC. E DANZA | 14 | MERCEDES MARTINEZ |
| BALLET | 45 | MERCEDES MARTINEZ |
| BAILE MODERNO | 22 | MERCEDES MARTINEZ |
| DEBUXO | 12 | ISRAEL JIMENEZ |
| GUITARRA | 14 | XOSÉ ALFONSO PAIS |
| PIANO | 18 | YOLANDA EIRAS |
| PIANO | 20 | CARMEN D. SANCHEZ |
| PIANO | 2 | MAGDALENA MARTINEZ |
| MUSICA | 108 | MONITORES MÚSICA |
| INGLÉS | 41 | ARCHANA GARCIA |
| INGLÉS | 64 | MONITORES PICCADILLY |
| IUDO | 20 | NATALIA GOMEZ |
| TEATRO | 23 | ANTONIO FERRARI |
| BATERIA | 5 | CARLOS LOPEZ |
| NATACION | 108 | MONITORES PISCINA USC |

Todo isto supón unha xestión moi importante e delicada pois anualmente xenérase un movemento entorno a 350.000 € por iso demandamos axuda e colaboración dende a directiva, grazas de antemán.

# Novas

En canto ás actividades extraescolares, temos como novidade as clases de batería. A ANPA tivo que adquirir unha pequena para poder desenvolver dita actividade. Así, ademais, o centro dispón agora dun instrumento do que carecía.

Outras actividades tiveron que suprimirse debido á escasa demanda ou imposibilidade horaria do profesorado. Agora temos baile moderno e psicomotricidade e danza, actualizando así a oferta de actividades.

Outra novidade máis é a de animación á lectura, que desenvolve Maribel de luns a xoves atendendo @s nen@s de Ed. Infantil e 1º ciclo de Ed. Primaria.

Por outra banda, a ANPA solicitou no Consello Escolar permiso para dotar a entrada superior duns bancos para que as esperas sexan máis cómodas, tanto para as nais e os pais, como para @s nen@s que teñen actividades polas tardes. Esta solicitude foi admitida, así que en breve contaremos cuns bancos que fagan as esperas máis levadeiras.

## FESTIVAL INTERCENTROS NADAL 2009

A cita é o domingo 20 de decembro ás 19:30 no Teatro Principal de Santiago de Compostela.
Como en outras ocasións participan @s artistas de BALLET.
Seguro que o fan ás mil marabillas coma sempre.
Ánimo e boa sorte !!

## CANCIÓNS "A RÚA"

En Música pasámolo "BOMBA". Facemos cousas diferentes case todos os días como tocar, cantar, linguaxe musical ou bailar. Iolanda a nosa mestra atopou unha cadeliña e nos fixémoslle unha canción.

Iolanda na rúa un can atopou/
¿Como se chamaba?
ela se preguntou
Eu digo que Lala
Eu digo que Xirasol.

Pensou e pensou
E decidiu que como na rúa a atopou
Rúa a chamou.

Como estaba moi sucia
Ela a limpou
E un salón de beleza
Gustoulle un montón.

Rúa vomitou
E Iolanda unha manzanilla lle dou
Deste xeito a barriguiña lle pasou.

Rúa Ruiña
Un fogar atopou
E con moita ledicia
Esta canción rematou.

Compositoras:
Xoana García e Carmen Míguez

Camiñando pola rúa
A Ruiña atopei
Pregunteille por Iolanda
Aínda agora non che sei

Andando na bicicleta
A Iolanda me atopei
Pregunteille por Ruiña
É que andaba no café

¡ OH Ruiña, como te quero a ti
Eres unha cadeliña do que nunca coñecín!

Compositor:
Pablo de Valenzuela ( Anímate a cantar esta canción ca música de: "OH Susana non chores mais por min").

Publicidade